

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

RESOLUCIÓN do 19 de setembro de 2018 pola que se modifica a Resolución do 21 de decembro de 2017 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras dos obradoiros e das axudas á dixitalización Industria 4.0 cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

Mediante Resolución do 21 de decembro de 2017 publicouse o acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica que aprobou as bases reguladoras dos obradoiros e das axudas á dixitalización Industria 4.0 cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e procedeuse á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva (DOG nº 245, do 28 de decembro).

No artigo 5.b) das bases reguladoras establécense as tipoloxías de proxectos subvencionables para as pemes individuais:

«b) Proxectos individuais nos que unha peme aborda unha das seguintes tipoloxías de proxecto:

1º. Desenvolvemento dunha interface dixital para as súas interaccións de negocio, ou adopción/implantación dunha solución de interacción xa existente cos seus clientes ou provedores.

2º. Implementación de sistemas especificamente no ámbito da produción e loxística encamiñados á dixitalización de procesos, interconexión de elementos físicos e virtuais, tratamento de datos captados mediante sensórica.

3º. Sistemas de intelixencia artificial, aprendizaxe automática e toma de decisións autónomos».

Na resolución de convocatoria establecíanse dous prazos para a presentación das solicitudes de axuda. O primeiro deles (IG240.1) rematou o 15.3.2018. Da avaliación dos expedientes desa primeira concorrencia despréndese que a categoría de proxectos b).2º é demasiado exixente para as demandas das empresas galegas, polo que se considera oportuno a súa modificación de cara ao segundo prazo de solicitudes da convocatoria,



abrindo a tipoloxía de proxectos ás demandas de dixitalización de procesos detectadas nas solicitudes avaliadas.

O Consello de Dirección do Igape, na súa reunión do 2 de agosto de 2018, acordou a modificación das bases reguladoras das axudas á dixitalización Industria 4.0 cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Por todo o anterior, de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Artigo 1

Modificar a Resolución do 21 de decembro de 2017 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras dos obradoiros e das axudas á dixitalización Industria 4.0 cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva, no seguinte sentido:

O artigo 5.b).2º queda redactado do seguinte xeito:

«2º. Implementación de sistemas encamiñados á dixitalización de procesos (ERP, CRM e similares), interconexión de elementos físicos e virtuais, tratamento de datos captados (intelixencia de negocio, bigdata e similares)».

Artigo 2

Esta modificación entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e será aplicable ás solicitudes que xa se presentasen dentro do segundo prazo da convocatoria que abriu o 1.6.2018.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2018

Juan Manuel Cividanes Roger
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

